

## REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO COMITÉ DE EMPRESA E A XERENCIA

Acta do 2 de febreiro do 2012

### Asisten:

Xerente da UDC: Grela Barreiro, María Jesús  
Presidente: Portela Fernández, Xosé Manuel (CUT)  
Vicepresidente: Ledo Pernas, Félix (CUT)  
Secretario: Muñiz Seijas, Juan Carlos (CUT)  
Vicesecretario: Boado Sexto, José Antonio (CUT)  
Puente Varela, Jesús Florentino (CUT)  
Suárez Sánchez, José Manuel (CUT)  
Rodríguez Barba, Ana María (CUT)  
López Domínguez, Javier (CCOO)  
Otero Canabal, Jorge (CCOO)  
Pena Pérez, Enrique José (CIG)  
Rey Souto, María Teresa (UGT)  
Monteserín Macías, Pedro Manuel (USO)  
Romero Beade, Manuel (USO)

### Non asisten:

Cardelle Barreiro, Eduardo (CIG)  
Cordal Fustes, Jorge (CIG)  
Bouzas Gómez, José Antonio (CUT)

### Orde do día:

- Punto 1:** Consulta para saber a situación actual da promoción interna dos especialistas de laboratorio fixos.
- Punto 2:** Solicitar información sobre a redistribución da xente na Conserxería da Vicerreitoría coa apertura dun novo centro.
- Punto 3:** Toma de posesión do persoal informático que aprobou recentemente.
- Punto 4:** Rogos e preguntas.

Comezo de reunión ás 9.40 horas.

- Punto 1:** Consulta para saber a situación actual da promoción interna dos especialistas de laboratorio fixos.  
A xerente comprométese en axilizar este proceso canto antes.
- Punto 2:** Solicitar información sobre a redistribución da xente na Conserxería da Vicerreitoría coa apertura dun novo centro.  
A xerente aclara que non ten información sobre este asunto, en todo caso afirma que a organización do traballo das conserxerías corresponde aos xefes do servizo (conserxes).

**Punto 3:** Toma de posesión do persoal informático que aprobou recentemente.

Publicaranse na web as prazas tal como se pactara no seu momento co comité, aínda que non ten porque ter correspondencia coa futura RPT.

**Punto 4:** Rogos e preguntas.

Convocatoria de delineante: A xerente a requirimento do presidente do comité expón que unha vez recibida a reclamación do colexio de delineantes e tra-lo informe da asesoría xurídica, só poden presentarse á convocatoria aspirantes coa titulación habilitada de delineante ou similar. Se solicita en todo caso por parte do presidente do comité que as incidencias que poidan xurdir nas convocatorias se traslade informe ao comité.

Acordase de enviar unha corrección de erros da convocatoria de Técnicos Especialistas de Laboratorio Grupo III

Onde di:

Sanitaria promoción interna.

Debe dicir:

Sanitaria quenda libre.

Onde di:

«Para estes efectos as persoas aspirantes deberán presentar a solicitude debidamente cuberta, indicando todos os datos que se requiren no impreso que figura como anexo IV....»

Debe dicir:

«Para estes efectos as persoas aspirantes deberán presentar a solicitude debidamente cuberta, indicando todos os datos que se requiren no impreso que figura como anexo III

Onde di:

«1. Solicitudes.

1.1. As persoas que desexen tomar parte nestas probas selectivas deberán solicitalo no impreso segundo modelo que figura como anexo IV desta convocatoria e deberán...»

Debe dicir:

«1. Solicitudes.

1.1. As persoas que desexen tomar parte nestas probas selectivas deberán solicitalo no impreso segundo modelo que figura como anexo III desta convocatoria e deberán...»

Onde di:

«Fase de concurso: 40 puntos.

A antigüidade, ata un máximo de 30 puntos, valorarase a razón de 0,625 puntos por mes na categoría de técnico especialista de laboratorio, grupo III, e 0,15 puntos por mes na mesma categoría e grupo noutras administracións.»

Debe dicir:

«Fase de concurso: 40 puntos.

A antigüidade, ata un máximo de 30 puntos, valorarase a razón de 0,625 puntos por mes na categoría de técnico especialista de laboratorio, grupo III na UDC, e 0,15 puntos por mes na mesma categoría e grupo noutras administracións.»

Sen máis incidencias remata a reunión ás 11 horas.

O Secretario

Vº e prace da Xerente

Vº e prace do Presidente